



-Este venres, 1 de xuño, TERTULIA do IEM co doutor FERNANDO FERRÓN VIDÁN especialista en endocrinoloxía.

Como é costume o faladoiro terá lugar na sede do Instituto de Estudos Miñoranos, na Aula de Cultura "Ponte de Rosas" (Avda. da Feira, 10, baixo, Gondomar) e será o próximo venres 1º de xuño de 2012 ás 20:30h. Como é tradición, despois do acto aberto ao público en xeral haberá unha cea co noso convidado que terá lugar no Pazo da Escola de Mañufe Gondomar á que se poderá asistir facendo a correspondente reserva de praza no teléfono 986 360 575 ou no 680 644 4 90 ou ben no correo electrónico direccion@minhor.org

O noso convidado será presentado polo membro da Xunta de Goberno do IEM Xosé Ramón García Martínez.

Fernando Ferrón Vidán, Licenciado en Medicina e Ciruxía pola USC, especializouse en Medicina Interna no Hospital Xeral de Vigo e doutorouse co traballo "Niveles de leptina durante la realimentación de pacientes anoréxicas, su correlación con la cantidad de grasa corporal y el BMI y su influencia en la aparición del ciclo menstrual".

Socio fundador da Sociedade de Nutrición e dietética de Galicia e da Sociedade Galega de Medicina Interna. Foi responsable de Nutrición e Dietética do Hospital de Conxo e puxo en marcha a Unidade de trastornos alimentarios deste mesmo Hospital.

Fundador, organizador e coordinador da unidade de trastornos alimentarios do Hospital Policlínico La Rosaleda de Santiago de Compostela, única unidade multidisciplinar privada que

Tertulia do IEM: "A alimentación e os seus problemas"co doutor Fernando Ferrón

Escrito por IEM

Martes, 29 Maio 2012 09:13

funciona actualmente en Galicia.

en publicado traballos sobre endocrinoloxía en diversas revistas internacionais así como participado con relatorios en gran número de congresos.